



Concello de A Mezquita

BANDO

AXUDAS PARA PROXECTOS DE AFORRO ENERXÉTICO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que para o aforro enerxético publicáronse as seguintes axudas:

1.- INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) ten publicada a resolución pola que se establecen as bases reguladoras para proxectos de biomasa destinadas a particulares (D.G.A. nº 11 do 18 de xaneiro do 2022). Os beneficiarios: as persoas físicas e comunidades de propietarios titulares dun ben inmovible

Os gastos subvencionables, con carácter xeral, son: Equipamento de xeración enerxética, Equipamento térmico e accesorios, Almacenamento do combustible, Alimentación do combustible, Accesorios para posta en funcionamento, etc.

O prazo para a solicitude destas axudas iniciase o día 1 de marzo do 2022 e remata o día 1 de xullo do 2022, ou ate que se esgote o crédito orzamentario.

ESTA AXUDA TRAMITASE A TRAVÉS DAS ENTIDADES COLABORADORAS ADHERIDAS AO PROGRAMA.

2.- INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, publica as axudas para rehabilitación enerxética de edificios. Os beneficiarios son as persoas físicas ou xurídicas e as comunidades de persoas propietarias de edificios

Os gastos subvencionables: substitución de enerxía convencional por enerxía solar térmica, por enerxía xeotérmica, por biomasa nas instalacións térmicas, mellora da eficiencia enerxética, etc.

O prazo para a solicitude destas axudas e remata o día 30 de setembro do 2022, ou ate que se esgote o crédito orzamentario.

Para calquera dúbida poden acudir ás oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En A Mezquita, a 15 de febreiro de 2022.

O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

